



Arredor dun milleiro de traballadoras e traballadores do SERGAS concentráronse hoxe á tarde para rexeitar a decisión do Partido Popular de suprimir, entre outros, os acordos retributivos. Ao mesmo tempo, dentro do parlamento, o Partido Popular dáballe para diante as súas propostas orzamentarias restrictivas para o ano 2010. Lembramos que con estas medidas:

- Se suprimen os acordos retributivos asinados e publicados en DOG
- Se suprime o Plan Mellora
- Se suprimen os acordos de PAC

En definitiva, se suprimen todas aquelas novas contías asignadas orzamentariamente para o ano 2010.

POLO CUMPRIMENTO DOS ACORDOS ASINADOS

RESPECTO AOS ÓRGANOS DE NEGOCIACIÓN

[Noticia da concentración en Avantar](#)